


SOMBRAS

Luís mediu, á mesma hora, a súa sombra (1,20 m) e a sombra dunha árbore do parque (16 m).




Se se sabe que a altura de Luís é de 1,80 m, cal é a altura da árbore?

ALTURA DO FAIADO

Andrea ten o seu cuarto no faiado. Elixiuo porque é o máis independente da casa.

Agora quere medir a altura do teito no punto máis alto pero non ten escaleira.

Ocorréuselle colocar un listón vertical, de dous metros de lonxitude, e ir desprazándoo ata topar co teito, como ves na ilustración.



(Nota: a ilustración é só un esquema gráfico, que axuda a comprender o enunciado e achega datos, pero non garda as proporcións).

Cos datos da ilustración, calcula a altura máxima do teito do cuarto de Andrea.